



CONCELLO DE PONTE CALDELAS

CONCELLO DE PONTE CALDELAS

SAIDA

02 JUN 2016

T. BLOM

2166

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA Nº 238/2016  
BASES DE SELECCIÓN SOCORRISTAS 2016

**ASUNTO: OFERTA E CONVOCATORIA DE SELECCIÓN DE TRES PRAZAS DE PERSOAL LABORAL DE DURACIÓN DETERMINADA PARA O SERVIZO DE "VIXIANCIA NA PRAIA FLUVIAL DE A CALZADA", Ó ABEIRO DA ORDE DE FOMENTO DE EMPREGO E MELLORA DA EMPREGABILIDADE NO ÁMBITO DE COLABORACIÓN COAS ENTIDADES LOCAIS PARA O ANO 2016**

Este Concello solicitou subvención para a contratación de tres socorristas, na modalidade de "Contrato de duración determinada de interese social", e de conformidade coa Orde de axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración das entidades locais, regulado pola Orde do 29 de decembro de 2015, da Consellería de Economía, Emprego e Industria.

En data 12/05/16 a Consellería de Traballo e Benestar achegou a este Concello, mediante fax, a autorización para a contratación anticipada de 3 socorristas para a realización do servizo "Vixiancia na Praia Fluvial de A Calzada"; con número de expediente **TR 351A 2016/05-5**.

Segundo se establece na mencionada Orde, a Oficina de Emprego correspondente remitirá a correspondente relación de candidatos, recaendo no Concello a competencia para efectuar a selección entre estes.

O carácter temporal destas prazas, unido á necesidade de que a selección se faga dentro dos prazos sinalados pola Consellería de Traballo e Benestar fai que se aproben os seguintes criterios para a selección do persoal, que en todo caso garanten suficientemente os principios de igualdade, mérito e capacidade, de obrigado cumprimento.

Visto o informe de secretaría de data 2 de xuño de 2016.

Dadas as competencias desta Alcaldía, de acordo co establecido nos artigos 185 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e 23 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local;

Así, de conformidade co sinalado no artigo 21.1.g) da Lei 7/85,  
**DISPOÑO:**

1º. Aproba-la correspondente convocatoria das prazas anteriormente mencionadas, e tendo en conta que só poderán optar a elas os candidatos que previamente remita ó Concello a Oficina de Emprego de Pontevedra.

2º Remitir á oficina de Emprego correspondente en modelo normalizado da Consellería de Economía, Emprego e Industria, solicitude de remisión de relación de candidatos.

3º. Aproba-las seguintes bases que rexerán a contratación laboral temporal dos/as beneficiarios/as do plan de Fomento de emprego e Empregabilidade para o ano 2016.

### **Primeira.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.-**

As presentes Bases regulan o procedemento selectivo para a contratación laboral temporal mediante “Contrato de duración determinada de interese social” de **3 socorristas a xornada completa para a prestación do servizo “Vixiancia na Praia Fluvial da Calzada”** ó abeiro dos plan de Fomento de emprego e Empregabilidade para o ano 2016 (regulado pola Orde do 29 de decembro de 2015, da Consellería de Economía, Emprego e Industria).

**A duración do contrato será de dous meses, con independencia da Resolución de concesión de subvención para a contratación de 3 socorristas para a realización do servizo de “Vixiancia na Praia Fluvial da Calzada”, da Consellería de Economía, Emprego e Industria, ó abeiro da**

As tarefas a realizar polo persoal seleccionado a través destas bases son as seguintes, **con independencia das condicións climatolóxicas:**

- Vixiancia na praia fluvial de A Calzada e no entorno fluvial
- Colocación de Bandeiras de aviso do estado da praia para os/as usuarios/as.
- Primeiros auxilios
- Control do equipamento de salvamento a efectos de garantir o seu adecuado funcionamento
- Control de que se manteña o cumprimento dos requisitos do Programa de Bandeira Azul para Praias para o ano 2016: limpeza, mantemento de edificios e servizos, da sinalización, etc
- Outras labores relacionadas co servizo de vixiancia e socorrismo

Segundo se establece na mencionada Orde, a Oficina de Emprego correspondente remitirá a correspondente relación de candidatos, recaendo no Concello a competencia para efectuar-la selección entre estes.

O obxecto da presente é proceder a ofertar as **prazas mencionadas**, e establece-los criterios para a súa selección.

### **Segunda.- RETRIBUCIÓN.-**

A retribución bruta mensual a percibir por cada traballador, incluído o prorrateo correspondente ás pagas extraordinarias, que a seguir se expresa, será a seguinte;

- Duración: **A duración será de dous meses: xullo e agosto**
- Tipo de xornada: **completa(100%)**
- Retribucións mensuais brutas: **segundo o establecido no convenio colectivo de Instalacións Deportivas e Ximnasios da C.A. de Galicia**

### **Terceira.- CONDICIÓNS DOS ASPIRANTES.-**

1.- Para ser admitidos á realización da selección os aspirantes deberán cumprir-los seguintes requisitos:

- a) Ter a nacionalidade española, sen perxuízo do disposto no artigo 57 da lei 7/2007 no que respecta ao acceso ao emprego público dos nacionais doutros estados.
- b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas.
- c) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilización forzosa. Só por lei poderá establecerse outra idade máxima, distinta da idade de xubilización forzosa, para o acceso ao emprego público.
- d) Non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado ou en situación equivalente nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.
- e) Estar inscritos/as no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupados e estar dispoñibles para o emprego.
- f) **Non ter sido contratado por un período igual ou superior a seis meses con cargo a axudas concedidas no ano 2015 pola Consellería de Traballo e Benestar no ámbito de colaboración coas entidades locais e coas entidades sen ánimo de lucro, en materias de políticas activas de emprego, para a contratación de persoas traballadoras desempregadas.**
- g) **Estar en posesión da Formación Mínima establecida no artigo 6 e na Disposición transitória única do Decreto 104/2012, do 16 de marzo, polo que se fixa a formación mínima dos socorristas acuáticos e se crea e regula o Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia ( DOGA nº 67 do 9/04/2012).**
- h) **Estar inscrito ou ter solicitado a súa inscrición no Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia, dacordo co establecido no Decreto 104/2012, do 16 de marzo, polo que se fixa a formación mínima dos socorristas acuáticos e se crea e regula o Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia ( DOGA nº 67 do 9/04/2012).**

.....  
DECRETO 104/2012, do 16 de marzo, polo que se fixa a formación mínima dos socorristas acuáticos e se crea e regula o Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia.

“Artigo 6. *Formación mínima.*

1. A acreditación da formación mínima para o exercicio da actividade de socorrismo en instalacións acuáticas, que suporá a inscrición na sección socorristas en instalacións acuáticas, poderá obterse por calquera das seguintes vías:

A. Certificado de profesionalidade de socorrismo en instalacións acuáticas (AFDP0109), establecido polo Real decreto 711/2011, do 20 de maio.

B. Título de técnico deportivo en salvamento e socorrismo establecido polo Real decreto 878/2011, do 24 de xuño, título de técnico deportivo superior en salvamento e socorrismo, establecido polo Real decreto 879/2011, do 24 de xuño, ou calquera outro título de grao

medio ou superior de formación profesional que inclúa no seu currículo os módulos formativos asociados a todas as unidades de competencia da cualificación de socorrismo en instalacións acuáticas do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais

C. Acreditación de ter superado as catro unidades de competencia da cualificación profesional de socorrismo en instalacións acuáticas, obtidas a través do procedemento, que desenvolva o Real decreto 1224/2009, do 17 de xullo, de recoñecemento das competencias profesionais adquiridas por experiencia laboral.

2. A acreditación da formación mínima para o exercicio da actividade de socorrismo en espazos acuáticos naturais, que suporá a inscrición na sección socorristas en espazos acuáticos naturais, poderá obterse por calquera das seguintes vías:

A. Certificado de profesionalidade de socorrismo en espazos acuáticos naturais (AFDP0209), establecido polo Real decreto 711/2011, do 20 de maio.

B. Título de técnico deportivo en salvamento e socorrismo establecido polo Real decreto 878/2011, do 24 de xuño, título de técnico deportivo superior en salvamento e socorrismo, establecido polo Real decreto 879/2011, do 24 de xuño, ou calquera outro título de grao medio ou superior de formación profesional que inclúa no seu currículo os módulos formativos asociados a todas as unidades de competencia da cualificación de socorrismo en espazos acuáticos naturais do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais.

C. Acreditación de ter superado as catro unidades de competencia da cualificación profesional de socorrismo en espazos acuáticos naturais, obtidas a través do procedemento que desenvolva o Real decreto 1224/2009, do 17 de xullo, de recoñecemento das competencias profesionais adquiridas por experiencia laboral.”

“Disposición transitoria única.

A partir da entrada en vigor do presente decreto, e durante o período transitorio de 5 anos, que permita garantir a obtención por parte das persoas interesadas da acreditación das unidades de competencia da cualificación profesional correspondente, poderán inscribirse de forma provisional no Rexistro Profesional de Socorristas de Galicia as persoas que, no momento da entrada en vigor desta normativa, cumpran algún dos seguintes requisitos:

1.º Estar en posesión dun diploma que acredite a realización dun curso de 80 horas de formación de salvamento e socorrismo acuático impartido pola Academia Galega de Seguridade Pública con anterioridade á data de entrada en vigor do presente decreto.

2.º Estar en posesión dun diploma que acredite a realización dun curso de formación en materia de socorrismo impartido por universidades, federacións deportivas de salvamento e socorrismo, Cruz Vermella ou outras entidades con experiencia na formación de socorristas, con anterioridade á data de entrada en vigor do presente decreto, sempre que o devandito curso obteña a homologación da Academia Galega de Seguridade Pública.

Aqueles cursos que estean en fase de desenvolvemento na data de publicación do presente decreto serán considerados para os efectos do establecido neste punto, sempre que a entidade que organiza o curso o notifique á Agasp no prazo dun mes contado desde o día seguinte á publicación deste decreto.

A Academia Galega de Seguridade Pública utilizará como criterio de homologación que o curso teña un mínimo de 80 horas e un contido similar ao curso de salvamento e socorrismo acuático ofertado pola Agasp nos últimos anos.

3.º Estar en posesión dun diploma que acredite a superación con avaliación positiva do Curso de formación profesional para o emprego de socorrista acuático (AFDB10, de 240 horas), expedido por unha Administración pública competente en materia de formación profesional para o emprego.

4.º Acreditar unha experiencia laboral superior a 12 meses. A devandita experiencia acreditarase mediante certificado de vida laboral acompañado de fotocopia compulsada de contrato de traballo ou certificación de empresa onde figuren a duración dos períodos de prestación do contrato, as actividades desenvolvidas e o intervalo de tempo en que se realizaron as devanditas actividades.

A inscrición provisional dun/dunha socorrista practicarase nunha ou nas dúas seccións do rexistro, en función da formación e experiencia acreditadas.

Transcorridos cinco anos desde a entrada en vigor do presente decreto aqueles/aquelas socorristas que fosen inscritos/as provisionalmente e que non acreditasen o cumprimento dos requisitos descritos no artigo 4 do decreto serán dados de baixa automaticamente.”

.....

2.- Tódolos requisitos esixidos no apartado anterior deberán posuílos os aspirantes o día de remate do prazo para a presentación de solicitudes e conservalos, alomenos, ata a data da súa contratación.

#### **Cuarta.- SISTEMA DE SELECCIÓN.-**

Establécese como sistema de selección o concurso-oposición en virtude da necesidade de que os candidatos amosen a súa idoneidade para o posto a cubrir.

Neste sistema procederáse á valoración dos méritos presentados polos aspirantes de conformidade co recollido nestas bases, as cales publicaranse no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello. Asemesmo, realizarase un exame e unha proba práctica ós candidatos a fin de que os aspirantes amosen a súa idoneidade para o posto a cubrir.

#### **Quinta.- PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN.-**

As bases da selección publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello e na súa páxina web, dende o mesmo día da súa aprobación e ata a finalización do proceso selectivo.

Tal e como establece o artigo 12.3 da Orde do 29 de decembro de 2015, da Consellería de Economía, Emprego e Industria, o Concello presentará a oferta de emprego na oficina de emprego correspondente facendo referencia ós requisitos e características que deben reunir os/as traballadores/as que se contraten ó abeiro da citada Orde, e que veñen establecidos na mesma.

Tal e como establece o artigo 12.4, será a oficina de emprego correspondente a encargada de realizar a sondaxe en función dos requisitos establecidos na oferta, sendo, ésta a responsable de que todos/as e cada un/ha dos/as candidatos/as cumpran os mesmos.

Sen prexuízo de que poda empregar outro medio de comunicación adicional, o Concello notificará ós candidatos a súa inclusión na relación remitida pola oficina de Emprego de Pontevedra, mediante inserción de anuncio no Taboleiro de Anuncios do Concello e na súa páxina web.

Os candidatos que figuren na relación remitida pola oficina de emprego disporán do prazo de **10 días hábiles**, para presentar as súas solicitudes de participación no proceso selectivo así coma a documentación xustificativa da titularidade e méritos ó concello podendo empregar as diferentes vías existentes; entendendo que desisten de participar aqueles que non presenten documentación. No caso de que todos/as candidatos/as do listado da oficina de emprego presenten solicitude antes dos 10 días, seguirase co proceso selectivo para axilizar as contratacións.

Publicarase, no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello, a **lista provisional de admitidos/as-excluídos/as do proceso selectivo**, existindo un prazo de dous días hábiles para presentación de documentación. Se o último día hábil fose sábado, ampliase ao día hábil seguinte.

Publicarase, no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello, a **lista definitiva de admitidos/as-excluídos/as do proceso selectivo** con

indicación do horario e lugar da baremación de méritos e da realización do exame e da proba práctica.

**A baremación de méritos, o Exame e a Proba práctica** realizarase polo tribunal o día e no lugar establecidos.

O tribunal cualificador propondrá á Alcaldía a contratación dos/as aspirantes que obtivera maior cualificación total sen exceder do número de postos de traballo.

En caso de empate ao artigo 12.5 da Orde do 29 de decembro de 2015.

O seguinte paso é a publicación no taboleiro de anuncios do Concello e na súa páxina web, a **resolución provisional de alcaldía coas puntuacións acadadas polos/as candidatos/as e os/as seleccionados/as**, establecendo dous días hábiles para reclamacións. Se o último día hábil fose sábado, amplíase ao día hábil seguinte.

**Unha vez resoltas as reclamacións, publicarase a resolución definitiva de seleccionados/as no proceso selectivo**, e procederase á formalización do contrato o mais pronto posible, dada a urxencia da prestación do servizo.

O resto dos/as candidatos/as formarán parte da lista de reserva ordeados/as segundo a puntuación final acadada.

#### **Sexta.- SOLICITUDES DOS/AS CANDIDATOS/AS.-**

Os/as candidatos/as, preseleccionados/as pola oficina de emprego, interesados/as en participar no proceso selectivo convocado, deberán facelo mediante presentación de instancia nos prazos de 10 días hábiles den de a publicación da listaxe no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello, á que xuntarán a seguinte documentación:

- Fotocopia compulsada do documento nacional de identidade ou a tarxeta acreditativa da súa identidade, expedida polas autoridades competentes no caso de cidadáns comunitarios.
- Fotocopia compulsada da vida laboral actualizada e dos contratos de traballo e certificado de servizos prestados(en caso de administración pública).
- **Fotocopia compulsada da formación mínima establecida no artigo 6 e na Disposición transitória única do Decreto 104/2012, do 16 de marzo, polo que se fixa a formación mínima dos socorristas acuáticos e se crea e regula o Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia ( DOGA nº 67 do 9/04/2012).**
- **Fotocopia do documento acreditativo de estar inscrito no Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia ou de ter solicitado a súa inscrición no mesmo.**
- Fotocopias compulsadas da documentación acreditativa dos méritos alegados.
- Fotocopia compulsada dos certificados da lingua galega.
- Declaración xurada manifestando que se reúnen todos e cada un dos requisitos da presente convocatoria á finalización do prazo de presentación de solicitudes.

As solicitudes dirixiranse ao Sr. Alcalde Presidente do Concello e poderán ser presentadas diante do Rexistro Xeral de Entrada de Documentos do Concello sendo o horario de presentación de documentación de luns a venres: 9:00 a 14:00 horas e sábados de 10:00 horas a 13:00 horas, ou en calquera das formas admitidas no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

**Sétima.- CRITERIOS DE VALORACIÓN DE MÉRITOS.-**

**A) Formación profesional.-** Só se valorarán os cursos de formación e perfeccionamento que versen sobre materias directamente relacionadas coas funcións propias do posto de traballo ó que se aspira, incluídos os cursos de coñecemento do idioma galego, sempre que os cursos foran impartidos por unha Administración pública, un Centro Oficial de Formación ou unha institución homologada para impartir formación profesional continua, e segundo o establecido no seguinte baremo:

A.1 - Valorarase o seguinte curso de formación:

- DESA: 0,25 puntos

A.2 -Valoraranse os cursos de formación e outros títulos relacionados con contidos, destrezas e habilidades realacionadas co posto ou o servizo nas seguintes materias:

**SALVAMENTO ACUÁTICO E PRIMEIROS AUXILIOS E RISCOS LABORAIS:**

- Ata 30 horas.....0,10 puntos por curso/título
- Ata 31 a 100 HORAS .....0,20 puntos por curso/título
- Máis de 100 horas .....0,30 puntos por curso/título

No caso de que o aspirante dispoña de varios destes cursos soamente se valorará o que supoña maior puntuación.

A.3.- Coñecemento do galego:

- Curso de iniciación de galego- Certificado de lingua galega ( CELGA 1, 2 e 3 ): 0,10 puntos
- Curso de perfeccionamento ó galego Certificado de lingua galega (CELGA 4): 0,20 puntos.

O Curso de Iniciación o idioma galego será valorado como CELGA nº 1,2 e 3 e o Curso de Perfeccionamento da lingua galega do idioma será valorado como CELGA nº4 de conformidade co artigo 10 da Orde de 16/07/2007 da Consellería de Presidencia Administracións Públicas e Xustiza pola que se regulan os certificados acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega(DOG nº 146 de 30/07/2007).

Neste apartado valorarase unicamente o título de maior nivel acadado polo/a aspirante.

Sóamente concederáse validez ós cursos de galego ou titulacións homologadas pola Dirección Xeral de Política Lingüística.

**A puntuación máxima por este apartado non poderá superar ós 2 puntos.**

**B) Experiencia profesional.-** Os servizos prestados acreditaranse mediante certificación da vida laboral expedida pola Tesourería da seguridade Social ou certificados expedidos pola Administración.

- Por cada mes completo de servizos prestados en calquera Administración Pública en posto da mesma categoría ou superior ó solicitado ou de funcións similares integrado no mesmo grupo de titulación ou superior..... 0,30 puntos.
- Por cada mes completo de servizos prestados na empresa privada en posto da mesma categoría ou superior ó solicitado ou de funcións similares ou asimilables..... 0,20 puntos.

**A puntuación máxima por este apartado non poderá superar ós 3 puntos.**


**D) Exame.** Realizarase un exame de 10 preguntas relacionadas coa actividade de socorrismo, primeiros auxilios e Guía de interpretación dos criterios de bandeira azul para praias 2016, en base ó seguinte temario:

#### **TEMARIO PRIMEROS AUXILIOS**

- Tema 1. Actuación do socorrista
- Tema 2. Cadea de supervivencia
- Tema 3. Resucitación cardio-pulmonar (R.C.P.)
- Tema 4. Valoración do paciente traumático
- Tema 5. Métodos para optimizar a vía aérea e a respiración
- Tema 6. Intoxicacións por vía respiratoria
- Tema 7. urxencias médicas.
- Tema 8. Feridas
- Tema 9. Hemorragias
- Tema 10. Traumatismos
- Tema 11. Lesións producidas por axentes físicos
- Tema 12. corpos estraños
- Tema 13. Picaduras
- Tema 14. Intoxicacións
- Tema 15. Cadros convulsivos

#### **TEMARIO SALVAMENTO ACUÁTICO**

- Tema 1. O socorrismo acuático. concepto, obxectivos e límites.
- Tema 2. O socorrismo acuático profesional e a súa formación.
- Tema 3. Prevención de accidentes acuáticos e afogamentos: Educación, información e recursos.
- Tema 4. Prevención en programas e actividades acuáticas.
- Tema 5. A vixilancia.
- Tema 6. Secuencia de actuación en accidentes acuáticos.
- Tema 7. Técnicas para entrar á auga.
- Tema 8. Técnicas de nado adaptado.
- Tema 9. O mergullo.
- Tema 10. Técnicas re-control e zafaduras.
- Tema 11. Técnicas de traslado de accidentados no medio acuático.
- Tema 12. Técnicas de traslado de accidentados no medio acuático con material.





Tema 13. Técnicas para a extracción de accidentados no medio acuático.  
 Tema 14. Intervención pre-hospitalaria ante posibles lesionados medulares no medio acuático.  
 Tema 15. Os espazos acuáticos: características e diferencias de interese no socorrismo acuático.

**PROGRAMA DE BANDEIRA AZUL PARA PRAIAS**

Coñecemento da Guía de interpretación dos criterios de bandeira azul para praias 2016

O exame baremarase segundo o seguinte:

- < 5 preguntas acertadas.....**Excluirase ao/á candidato/a do Proceso selectivo**
- [5-6).....1 pto
- [6-7).....2 ptos
- [7-8).....3 ptos
- [8-9).....4 ptos
- [9-10].....5 ptos

**A puntuación máxima por este apartado non poderá superar ós 5 puntos.**

**E) Proba práctica.** Unha vez o tribunal dá a saída, o/a aspirante saerá do lugar designado polo tribunal, entrará na auga e realizará nado croll cabeza fora ata a boia de limitación e voltará a nado de rescate(remolque) á orilla, coa simulación dun afogado. Valorarase segundo a seguinte táboa:

TEMPO	PUNTOS
1º Clasificado	7
+ 0'18''	6,4
+ 0'36''	5,8
+ 0'54''	5,2
+ 1'12''	4,6
+ 1'30''	4
+ 1'48''	3,4
+ 2'06''	2,8
+ 2'24''	2,2
+ 2'42''	1,6
+ 3'	<b>Excluirase ao/á candidato/a do Proceso selectivo</b>

**Restarase 0,5 puntos por non levantar a cabeza no nado croll e outros 0,5 puntos, por non realizar correctamente o nado de rescate.**

Os/as aspirantes deberán acatar en todo momento as indicacións do tribunal. En caso contrario quedarán descalificados sen puntuación no proceso selectivo, polo que, en ningún caso contarán como reserva.

No caso de que os/as candidatos/as rexeiten facer a proba, quedarán descalificados sen puntuación no proceso selectivo, polo que, en ningún caso contarán como reserva.

Os/as candidatos/as poderán facer a proba con traxe de neopreno dada a baixa temperatura da auga.

**A puntuación máxima por este apartado non poderá superar ós 7 puntos.**

**Oitava.- TRIBUNAL CUALIFICADOR.-** O Tribunal Cualificador estará integrado polos seguintes membros:

**TITULARES:**

- Presidente: Policía local do Concello de Ponte Caldelas
- Vogal: Técnico de cultura do Concello de Ponte Caldelas
- Secretario-vogal: Jesús Martínez Carnero, Vixiante Municipal

Actuará como asesor externo, con voz e sen voto, D. Adán Pereiro Cabadas, Voluntario da Asociación de Protección Civil de Vilaboa. Dito asesor percibirá as seguintes indemnizacións: Gastos de desprazamento dende a residencia habitual; e de asistencia, no importe establecido para a categoría terceira como vogal no art. 30 e anexo IV, do RD 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

**SUPLENTES:**

- Luis Alfonso Muíños, oficial de servizos varios do Concello de Ponte Caldelas
- Manuel Lorenzo Franco, operario do Concello de Ponte Caldelas
- Administrativa-Tesorera do Concello de Ponte Caldelas

O Tribunal non poderá actuar ou constituírse sen a presenza dos tres membros, titulares ou suplentes. Na sesión constitutiva de cada tribunal adoptaranse as decisións pertinentes para o correcto desenvolvemento das probas selectivas.

A partir da sesión de constitución o tribunal, para actuar validamente, requirirá a presenza da maioría absoluta dos seus membros, titulares ou suplentes, e asustará as súas actuacións en todo momento o disposto na Lei 30/92 de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común.

**Novena.- ACHEGA DE DOCUMENTOS.-**

Os/as aspirantes propostos/as para a súa contratación laboral temporal mediante contrato por obra ou servizo(Interese social), deberá presentar a documentación acreditativa de cumpri-los requisitos esixidos na base terceira desta convocatoria.

**Décima.- CONTRATO LABORAL.-**

O Alcalde, de conformidade coa proposta vinculante do Tribunal Cualificador, dictará Resolución de contratación que se publicará no Taboleiro de anuncios do Concello e subscribirá antes do comezo da prestación do servizo, contrato laboral de obra ou servizo (interese social), co/a aspirante proposto segundo dispón a lexislación laboral.

**Undécima.- RÉXIME XURÍDICO.-**

O tribunal cualificador queda facultado para adopta-las decisións que estime pertinentes en aplicación das presentes bases para a boa marcha dos procesos de selección así como para resolver cantas dúbidas poidan plantexarse durante o desenvolvemento do proceso selectivo.

No non previsto nas Bases , aplicarase supletoriamente a lei 7/1985, de 2 de abril, o Real decreto lexislativo 5/2015, a lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, o Real Decreto 896/91, o Real Decreto 364/95, de 10 de marzo, e o estatuto dos traballadores.

Ponte Caldelas, a 2 de xuño de 2016

O Alcalde,

Asdo.: Andrés Díaz Sobral



A Secretaría Accidental,

Asdo.: Iria Fernández Peón



**“ANEXO I**  
**MODELO DE INSTANCIA**

**SOLICITUDE PARA TOMAR PARTE NO PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN DE TRES SOCORRISTAS DO CONCELLO DE PONTE CALDELAS**

NOME E APELIDOS.....  
DNI:.....  
ENDEREZO:.....  
LOCALIDADE/MUNICIPIO/PROVINCIA:.....  
TELÉFONO:.....

En virtude do proceso selectivo que se está a seguir no Concello de Ponte Caldelas para a selección de 3 prazas de persoal laboral temporal (socorristas), para traballar no servizo “Vixiancia na Praia Fluvial de A Calzada”, ó abeiro das axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración das entidades locais, regulado pola Orde do 29 de decembro de 2015, da Consellería de Economía, Emprego e Industria; e polas Bases de selección aprobadas polo Concello,

**DECLARO BAIXO XURAMENTO:**

- Que coñezo e acepto na súa integridade as bases que rexen a convocatoria.
- Solicito ser admitido/a ó referido concurso, e comprométome a someterme ás bases que o regulan.
- Que cumpro con todos os requisitos para ser admitido en virtude da Base 3 da convocatoria

**DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA XUNTO COA SOLICITUDE:**

- A presente instancia, debidamente cuberta e asinada
- Fotocopia compulsada do documento nacional de identidade ou a tarxeta acreditativa da súa identidade, expedida polas autoridades competentes no caso de cidadáns comunitarios
- Fotocopia compulsada da vida laboral actualizada e dos contratos de traballo e certificado de servizos prestados(en caso de administración pública).
- Fotocopia compulsada da formación mínima establecida no artigo 6 e na Disposición transitória única do Decreto 104/2012, do 16 de marzo, polo que se fixa a formación mínima dos socorristas acuáticos e se crea e regula o Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia ( DOGA nº 67 do 9/04/2012).**
- Fotocopia do documento acreditativo de estar inscrito no Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia ou de ter solicitado a súa inscrición no mesmo.**
- Fotocopias compulsadas da documentación acreditativa dos méritos alegados.
- Fotocopia compulsada dos certificados da lingua galega.

Ponte Caldelas, a ..... de ..... de 2016  
Asdo.....

**Sr. ALCALDE DO CONCELLO DE PONTE CALDELAS”**

Ponte Caldelas, a 2 de xuño de 2016

O Alcalde,

Asdo.. Andrés Díaz Sobral

A Secretaría Accidental,

Asdo.: Iria Fernández Peón